

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA
SAUDABLE DO DÍA 05/09/2025****ASISTENTES**

PRESIDENTA: D^a. MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

VOGAIS: D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, en substitución de D^a. LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ
D. ROBERTO JOSÉ ÁLVAREZ CARRERO en substitución de D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME
D. JORGE CUBELA LÓPEZ
D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA
D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA
D^a. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ
D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ
D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ
D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ
D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN
D^a. BEATRIZ LOMBA RODRÍGUEZ
D^a. MARÍA ORTEGA IÑARREA

Sendo as doce horas e trinta minutos do día cinco de setembro de dous mil vinte e cinco, reúnen no Pazo Provincial os/as Sres./Sras. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D^a María Sandra Bastos Míguez. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión pola Presidenta, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día vinte catro de xullo de dous mil vinte e cinco.

2.- Dar conta do patrocinio deportivo da 56ª edición da "SOLITAIRE DU FÍGARO PAPREC – VIGO 2025" da fundación Translatio.

A presidenta dá conta do contrato do patrocinio deportivo, dotado con 44.999,90 euros, destinado á celebración da 56ª edición da "Solitaire di Figaro Paprec – Vigo 2025". O evento tivo lugar entre os días 18 e 21 de setembro de 2025.



La Solitaire du Figaro é unha das regatas oceánicas máis emblemáticas de Europa e un referente internacional no ámbito da vela en solitario. Con máis de 55 edicións celebradas, forma parte do prestixioso circuíto profesional francés de vela de altura e reúne cada ano aos mellores regatistas do panorama europeo.

Na súa edición de 2025, Vigo foi seleccionada como única escala fóra de Francia, consolidando así a súa posición como destino náutico estratéxico e ofrecendo unha plataforma privilexiada para a promoción do deporte, o turismo y la proxección internacional da provincia de Pontevedra.

3.- Dar conta do patrocinio deportivo da "PONTEVEDRA IV VOLTA A NADO A ILLA DE TAMBO 2025".

A presidenta dá conta do contrato do patrocinio deportivo, dotado con 4.000,00 euros, destinado á celebración da "IV Volta a nado á Illa de Tambo 2025". O evento celebrouse o día 17 de agosto de 2025.

A IV Volta a nado Illa de Tambo consolidouse como unha travesía de referencia no calendario galego e nacional, desafiando aos participantes a recorrer as augas da Ría de Pontevedra nun entorno natural e paisaxístico único na provincia. Esta proba non só esixe unha destacada capacidade física, sino que tamén ofrece unha oportunidade inigualable para descubrir a riqueza natural, histórica e cultural da Illa de Tambo e da vila mariñeira de Combarro.

A proba consta de tres modalidades adaptadas a distintos niveis: unha travesía principal de 6 km que rodea a Illa de Tambo, con un punto de avituallamiento ao longo do percorrido; unha travesía intermedia de 4,5 km, que inclúe un punto de control na praia de Area da Illa, en Tambo; e unha travesía curta de 1 km, pensada para quen se inicia neste tipo de probas ou prefire unha distancia máis accesible.

4.- Dar conta do contrato de servizo "CONTRATO DE SERVIZO "COPA 5x5 BALONMANO PONTEVEDRA" da Federación Galega de Balonmán.

A presidenta dá conta do contrato de servizo, dotado con 80.000,00 euros, destinado á celebración da "Copa 5X5 Deputación de Pontevedra", que se disputará entre 1 de setembro e o 31 de decembro de 2025.

A Copa 5x5 Balonmán na Rúa Deputación de Pontevedra nace coa intención de impulsar a participación dos nenos e nenas da provincia de Pontevedra na práctica do balonmán, dando continuidade ao labor desenvolvido pola Deputación de Pontevedra a través do programa Balonmán na Rúa.

Este formato, creado en 2024, busca ser máis innovador e adaptado aos novos tempos, co obxectivo de fomentar o deporte e dar visibilidade ao balonmán en diferentes puntos da provincia. A edición de 2025 celebrarase nos concellos de Redondela, A Estrada, Vigo e A Cañiza, quedando a orde e as datas das probas supeditadas a dispoñibilidade dos espazos.

A competición contará con dúas categorías, alevín e benxamín. Ademais, a difusión dos partidos por streaming e a elaboración de vídeos promocionais da actividade e da provincia servirán como ferramenta para achegar o balonmán a un público máis amplo e continuar promovendo este deporte na provincia.

5.- Dar conta do financiamento do canon "CONTRATO MUNDIAL DE TRIATLON MULTIDEPORTE 2025" da Federación Española de Triatlón.

A presidenta dá conta do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Federación Española de Triatlón, cunha dotación de 100.000,00 euros. O obxectivo deste convenio é financiar os gastos derivados do canon que a Federación Española de Triatlón ten que aboar á Asociación Mundial de Triatlón para a celebración do Campionato Mundial de Triatlón Multideporte 2025, que terá lugar na cidade de Pontevedra do 21 ao 29 de xuño.



Este evento está considerado de especial interese público, social e económico, tanto pola súa dimensión internacional como polo impacto positivo na economía local e na proxección institucional da provincia. O campionato contará cun seguimento estimado de máis dun millón de persoas, así como coa participación de preto de 4.000 deportistas e ao redor de 1.500 voluntarios.

A súa celebración reafirma a relevancia estratéxica da provincia de Pontevedra no ámbito do deporte internacional e contribúe á súa proxección institucional.

O evento consistirá na celebración, ao longo de varios días (incluíndo dúas fins de semana), dos campionatos do mundo de seis especialidades: Duatlón, Aquatlón, Duatlón Cross, Triatlón Cross, Aquabike y Triatlón Larga Distancia.

O evento contará cunha ampla cobertura audiovisual, tanto en directo como en formato resumo, con edicións de alta calidade que serán distribuídas en máis de 170 países, ademais de difundirse a través de canais deportivos especializados.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo ás 12:35 h do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretaria dou fe.

